

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 8 de novembro de 2022 pola que se convoca a provisión, polo procedemento de libre designación, do posto de xefe/a do Servizo de Innovación Formativa.

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG núm. 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como no artigo 3 da Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG núm. 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG núm. 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e no Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 157, do 19 de agosto),

RESOLVO:

Convocar, para a súa cobertura polo procedemento de libre designación, a provisión do posto de xefe/a do Servizo de Innovación Formativa da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, de conformidade coas bases que se achegan como anexo I.

As solicitudes de participación presentaranse no modelo que se achega como anexo II.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada ante a Presidencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2022

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Xerente da Axencia Galega para a Xestión
do Coñecemento en Saúde



ANEXO I

Bases

Xefe/a do Servizo de Innovación Formativa.

Primeira. *Obxecto, funcións e retribución do posto de traballo*

A presente convocatoria ten por obxecto a provisión do posto de xefe/a do Servizo de Innovación Formativa, dependente da Área de Xestión do Coñecemento e Talento da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, polo procedemento de libre designación.

As características e funcións do posto convocado, reflectidas no artigo 17.4 dos estatutos da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, son as que se sinalan no anexo III.

As retribucións serán as que correspondan en aplicación das ordes anuais da Conselleira de Facenda polas que se diten as instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Segunda. *Sistema de selección*

A selección do/da aspirante ao posto convocado levarase a cabo, segundo o disposto no artigo 50 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e da Orde do 24 de maio de 2006 pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, polo procedemento de libre designación.

Terceira. *Requisitos para participar na convocatoria*

Poderán participar na presente convocatoria os interesados que na data de finalización do prazo para a presentación de solicitudes posúan a condición de persoal estatutario de xestión e servizos con vínculo de fixeza e que se atopen en situación de servizo activo nalgunha das categorías correspondentes ao grupo de clasificación A (subgrupo A1 ou A2).



Cuarta. Solicitudes e documentación

Os interesados en participar na convocatoria deberán presentar solicitude dirixida á Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, segundo o modelo de instancia que se xunta como anexo II, que estará á súa disposición na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (<https://www.acis.sergas.es>).

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación acreditativa dos requisitos e méritos do interesado:

1. Documento de identificación: fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade, debidamente compulsados.

2. Copia compulsada do nomeamento como persoal estatutario fixo ou certificación acreditativa de tal condición expedida polo servizo de saúde correspondente.

3. Certificación acreditativa expedida polo/s servizo/s de saúde correspondente/s, de encontrarse o solicitante en situación de servizo activo con vínculo de fixeza nalgunha das categorías dos grupos de clasificación A.

4. Currículo profesional, cos méritos que se aleguen, que incluíra a documentación orixinal ou a súa copia compulsada (titulación académica, anos de antigüidade, servizos prestados nas distintas administracións públicas, estudos e cursos realizados e impartidos, e outros méritos ou circunstancias que consideren oportuno poñer de manifesto).

Os documentos orixinais que achegasen os aspirantes para acreditaren os seus méritos seranlles devoltos ao remate do proceso selectivo.

Toda a documentación indicada achegarase necesariamente xunto coa solicitude para participar na convocatoria e non será, en ningún caso, susceptible de emenda posteriormente.

No caso de insuficiente acreditación dos requisitos de admisibilidade exixidos na convocatoria, poderá emendarse no prazo que estableza a lista provisoria de admitidos e excluídos, de conformidade co establecido na base sexta.

Quinta. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.



Será causa de inadmisión no citado procedemento de provisión a presentación extemporánea da solicitude por parte do interesado.

As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación achegada sinalada na base cuarta, preferentemente no Rexistro da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, sita na avenida Fernando de Casas Novoa nº 37-1º A, 15707 Santiago de Compostela, ou nos demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sexta. *Resolución*

A convocatoria, cos informes previos que se consideren precisos, será resolta pola Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, que ditará para tal efecto a resolución correspondente, co nomeamento, de ser o caso, do aspirante seleccionado, ou ben coa declaración como deserta da convocatoria, se non concorresen aspirantes idóneos para o desempeño do posto convocado.

A resolución da convocatoria será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Sétima. *Toma de posesión*

O/a aspirante seleccionado/da deberá cesar na praza que desempeñe dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición, destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo e por petición motivada do/da interesado/a, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo e percibiranse os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.



Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular e será declarado nesa situación polo órgano competente quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Oitava. *Avaliación do desempeño da xefatura*

O aspirante seleccionado obterá un nomeamento que será obxecto de avaliación cada catro anos para os efectos de apreciar o nivel de rendemento e, cando proceda, do cumprimento dos obxectivos fixados.

O resultado da avaliación determinará a prórroga do nomeamento do profesional ou, de ser o caso, a súa remoción, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Decreto 206/2005, de provisión de postos de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Novena. *Cesamento*

Os profesionais seleccionados para o desempeño dos postos convocados poderán ser destituídos pola Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, de conformidade no artigo 56 do Decreto 206/2005, de provisión de postos de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Décima. *Recursos*

Contra a resolución pola que se resolva a convocatoria poderase interpor recurso de alzada ante a Presidencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Décimo primeira. *Norma derradeira*

A publicación dos actos e da resolución que se dite na tramitación deste procedemento realizarase na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (<https://www.acis.sergas.es>).

No non previsto na presente convocatoria aplicaranse supletoriamente as disposicións contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



ANEXO II**Solicitude de participación na convocatoria dun posto de xefe/a do Servizo de Innovación Formativa da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde**

Resolución da Axencia:	Nº DOG:	Data DOG:
------------------------	---------	-----------

Datos persoais:

Apelidos e nome:	DNI/pasaporte:
Enderezo:	Poboación:
Provincia:	Teléfono:
Correo electrónico:	Data de nacemento:

Publicada a Resolución pola que se convoca a provisión, polo procedemento de libre designación, do posto de xefe/a do Servizo de Innovación Formativa e ao reunir os requisitos necesarios,

SOLICITO:

1º. Ser admitido/a para participar nesta convocatoria.

2º. Para tal efecto presento a seguinte documentación:

Copia compulsada do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade do solicitante.

Copia compulsada do nomeamento como persoal estatutario fixo ou certificación acreditativa, expedida polo servizo de saúde correspondente, de tal condición.

Certificación acreditativa de encontrarse en situación de servizo activo con vínculo de fixeza nalguna das categorías dos grupos de clasificación A.

Currículo vitae.

_____, ____ de _____ de 2022

Sinatura _____

Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde
Avenida Fernando de Casas Novoa nº 37-1º A (Edificio CNL), San Lázaro
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



ANEXO III**Posto de xefe/a do Servizo de Innovación Formativa da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde**

O posto convocado está adscrito á Área de Xestión do Coñecemento e Talento da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e, segundo establecen os estatutos da Axencia, as súas funcións son as seguintes:

a) Elaborar plans de formación e xestionar a provisión da formación continuada do persoal do Sistema público de saúde de Galicia.

b) Crear as condicións precisas para desenvolver un espazo de formación e mellora dos profesionais a través do intercambio de experiencias e boas practicas e a circulación da información, facilitando a transmisión desta entre os xeradores e os demandantes dela.

c) Desenvolver as ferramentas metodolóxicas e técnicas necesarias para soportar o proceso continuo de actualización do coñecemento, respondendo ás variacións nas demandas sociais e á evolución dos sistemas sanitarios.

d) Formular novos itinerarios formativos, abertos a profesionais de dentro e de fóra do Sistema público sanitario de Galicia, baseados no uso das novas tecnoloxías.

e) Propoñer e deseñar os mecanismos máis adecuados para a incorporación nos programas formativos do coñecemento relevante identificado nas distintas organizacións e unidades do sistema de saúde.

f) Promover a detección e avaliación de necesidades e tendencias en relación coa capacitación do persoal do Sistema galego de saúde.

g) Impulsar e fomentar a formación sanitaria a través da programación e do financiamento de actuacións, bolsas e axudas á formación.

h) Desenvolver a avaliación continua dos resultados da formación levada a cabo.

i) Apoiar as políticas que impulse a autoridade sanitaria galega no eido da formación.

j) Realizar a interlocución con axentes externos, públicos e privados, para a identificación e implantación de iniciativas de colaboración no ámbito formativo, así como para a participación en redes.

k) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola Xerencia da axencia en razón do seu ámbito de actuación.

